

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Miguel Anxo Fernández: Luar no inferno

Un galego en Hollywood

Luar no inferno

Miguel Anxo Fernández

Galaxia, Vigo, 2006. 237 páxs., 14,20 €

Miguel Anxo Fernández preséntanos agora unha nova aventura do detective californiano de orixe galega Frank Soutelo, que nos leva por un mundo que nada ten que ver co tópico *glamour* de Hollywood, senón coa prostitución, a inmigración ilegal de mexicanos e ata a rodaxe de filmes de porno duro que non concordan coa imaxe convencional que se ofrece do mundo do cine estadounidense.

- 11:20 30/01/2007

Nesta ocasión Frank Soutelo bótalle unha man a un seu sobriño director de cine, que, tras asinar un contrato para dirixir unha película, atopa atrancos para a rodaxe porque trata un tema que non lle gusta ao produtor: a entrada de mulleres mexicanas de xeito ilegal para dedicarse á prostitución de luxo ao servizo dos magnates de Hollywood e á rodaxe de películas porno ou mesmo *snuff movie*.

Deste xeito, o detective galego-californiano vains contando en primeira persoa a súa aventura polo mundo do cine, mais non polo convencional mundo do cine que adoita saír nos programas convencionais de televisión, da entrega dos Oscar e doutras cerimonias polo estilo. Frank investigará as conexións entre cine e inmigración ilegal de mulleres mexicanas para que se dediquen á prostitución e ao cine porno.

Ao longo da novela seguimos, da man de Frank Soutelo, o tortuoso camiño de entrada dos inmigrantes ilegais mexicanos en Estados Unidos, transitamos polos bordeis de luxo frecuentados por produtores millonarios e saltamos do suburbio aos despachos enmoquetados de executivos glamourosos do cine coa parada na consabida hamburguesaría do centro comercial inevitable.

Finalmente, accedemos ao mundo arrepiante das *snuff movie*, que é onde van parar algunhas destas mulleres mexicanas, inmigrantes ilegais, tras o paso pola prostitución de luxo.

Na novela, en que non faltan ás referencias á clásicos do cine e da novela negra, aparecen o típico policía corrupto, a antítese entre vicios privados e imaxe pública impoluta de executivos e políticos americanos, a corrupción política de alcaldes e gobernadores que son subvencionados por estes magnates corruptos ou as típicas formas de vida americana de casa con xardín, centro comercial e comida lixo rápida. Pode parecer unha imaxe tópica, pero cremos que o autor pensa nun lector que coñece todo isto pola súa cultura cinematográfica e televisiva. Xa que logo, é unha novela neste sentido moi moderna, pois conta cun lector implícito que coñece xa este mundo na imaxe, nos medios audiovisuais e que agora a ve reflectida no papel, o que lle produce un indubidable pracer.

Cómpre dicir que estamos neste sentido ante unha novela convencional e que o lector atopa o que quere ler.

Sabemos, antes de ler a novela, que o executivo americano típico e tópico ten unha dobre moral, unha cousa é en público e outra é en privado. Sabemos que os alcaldes e gobernadores, aparentemente irreprochables na súa ética, se deixan subornar por estes magnates corruptos. Pero vémolos confirmados na novela. A novela confirma no soporte escrito a nosa cultura audiovisual e cinematográfica e iso produce satisfacción no lector. Tamén goza o lector coa imaxe desmitificada do mundo do cine e da política americana, aínda que resulte tópica. Pero a confirmación da idea previa tamén é unha técnica literaria para captar lectores.

Xa que logo estamos ante unha novela pensada para entreter, que nos confirma as ideas ou preconceitos que xa temos pola nosa cultura audiovisual, televisiva e cinematográfica. Esta narrativa tamén é moi necesaria e serve para confirmar unha madurez da nosa literatura. Por outra banda, a literatura de entretemento, como esta novela, está a conseguir que se acheguen ao galego persoas que, aínda que non usen o galego como lingua habitual, si len en galego estas obras (como amosan as listaxes de vendas e éxitos), pois grazas ás clases de galego no Ensino non se senten estrañas ao ler en galego, como lles ocorría ás xeracións anteriores á entrada da lingua e literatura galegas no Ensino.

Esperamos que no futuro o autor nos dea novos casos de Frank Soutelo, porque é unha lectura moi apropiada para a praia, o repouso na butaca do salón ou as viaxes. E iso non é mala cousa para unha novela, pois non todo ha de ser culturalismo e transcendencia. Cada tipo de literatura ten o seu lugar e nunha literatura normalizada ha de haber de todo.

[mércao en Andel](#)